

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADIÇÃO ORAL

CORTE Nº 5 CINTA 3



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0003_005_en_0_41_45_id624_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0003_005_en_0_41_45_id624.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o quinto corte dos que se divide a terceira das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala dos traballos que se facían unha vez chegaban os mariñeiros coas capturas: a descarga, o reparto e a venda de peixe na lonxa. Tamén fala do lavado do aparello e dos beneficios que supuxo neste proceso a introdución do nylon.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 23 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDORE(S):** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR (ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar/ aldea/ barrio: O Carmen
Parroquia: O Carmen
Concello: Moaña
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, embarcación, pesca, mariñeiro, venda de peixe, Vigo, patela, cesta, lonxa, poxa, fábrica, muller, Moaña, reparto, refrán, patrón, rodeiro, aparello, armador, rede, nylon, carro de bois, rapaz

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRIPCIÓN DO CORTE Nº 5 DA CINTA 3



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

P: E unha vez que teñen a faena feita, ó vir para vender á lonxa veñen en ruta e os homes descansan.

R: Despois de facer a captura continuamente, pois onde ti poñas a ruta pa Vigo e mentres se chega a Vigo a xente vai descansando e ó chegar a Vigo vai ese individuo, o encargado polos... (?) deles de coller unha muestra.

P: Si un representante dos mariñeiros, si.

R: De coller unha muestra, nunha patela e levala á lonja e poñela alí en pública subasta e vende a lonja, vende a lonja non vende o mariñeiro.

P: A subasta.

R: A subasta empeza a vender a lonja, tantas cestas a tanto. Non hai quen pare, pero vai seguindo a tanto a 28, a 27, a 26, a 25 sea o que sea, entonces cando chega a un que dice. Paral.

P: E ese véndese e despois si é unha fábrica hai que levarlle a mercancía á fábrica e na fábrica alí para sacar todo o peixe do barco teñen que expoñelo na fábrica, nos tablóns

R: Teñen unhas mesas largas, abocan o peixe nas mesas e xa están as mulleres que van a elaborar o pescado, que están cortando a sardiña, porque á sardiña córtanlle a mitad da cabeza, para meter no latón, nas latas, e volta a facer un lavado de todo, despois de abocar o queixón alí danche unha targa.

P: ¿Unha targa?

R: Unha targa unha (?) pequeniña que é coma un queixón, un queixón. (?).. con dúas targas e unha cesta e con aqueles que leva a contabilidade o individuo que vende. Porque quen vende, quen vai un individuo o representante dos mariñeiros alí, non é el. Porque cada embarcación había uns vendedores que vendían o pescado meu ou teu se acaso o mesmo vendedor era el o responsable de que no momento que vendía o peixe que lle encargaba eu, quen che pagaba era ese vendedor. Non che pagaba o ... fabricante (?)

P: Si. El facía de intermediario ¿non?

R: De intermediario non, era outro, pero era o responsable de pagar, ti ó fabricante non lle podías pedir nada do peixe.

P: E a veces cando o peixe viña algo rebentado e iso ¿discutía o precio?

R: Discutía o precio.

P: E xa rebaixaban

R: Ou senón deixábacho quedar, porque el comprou un peixe fresco que non comprou un peixe reseso, esas cousas que pasan.

P: ¿Pasaba muito iso? E se non llo aceptaba que tiña que ir á lonxa outra vez a vender.

R: Claro. Collías o peixe e ibas a lonxa outra vez

P: E se vendía muito máis barato claro.

R: Pero outras veces abocábase.

P: Abocábase ó mar.

R: Se non viña máis pescado, non hai pescado ¿comprendes? despois vendíalo máis caro.

P: A veces había suerte ¿non?

R: Porque quen te molestaba era a abundancia. Se mentres estabas botando pescado encima da mesa viña máis pescado da lonja, entón collíanche todo, si facía falta, pero ó vir máis pescado á lonja, habendo. se acaso deixábache o teu e iba a outro fresco. Non había garantía ningunha. Solo había garantía, porque os vendedores, que lle chamaban os



vendedores, eran os responsables de pagarche o peixe no instante xa, ¿canto fixeches 20.000 pesetas ou tres mil pesetas? E o vendedor apuntábacho, e despois era cousa do fabricante, porque quen llo vendía, non llo vendía eu, vendíalle o vendedor ese ó fabricante, en representación miña ¿non?. por orden do armador ou do patrón.

P: E logo, ó mellor, os mariñeiros desembarcaban todo o peixe. ¿Cobran algo por desembarcar todo o peixe?

R: Si.

P: Tiñan unha parte vamos.

R: Chamábanlle Tinidouras.

P: ¿Tinidoura?

R: As tinidouras de tirar o peixe á fábrica. Si ese diñeiro que o mandaba o fabricante era propiamente para os mariñeiros que eran os que o facían (?).

P: ¿E iso que eran voluntarios ou participaban todos?

R: Eran voluntarios.

P: Un que seguía durmindo non tiña...

R: Non, non. Todos os mariñeiros iban.

P: Participaban, claro interesáballe a todo o mundo.

R: Chamábanlle tinidores de tirar o peixe e despois, cando se andaba en Leixós á baca. O pescado acarretábase desde o barco, botabase á bordo dunhas chalanas, dúas chalanas grandes, encima dunhas tablas, todos queixóns. trinta queixóns, por aí, e había unha tanda de mariñeiros cada maré que se tiñan que tirar hasta o pescozo, aquí para traer desde a chalana hasta a baixamar. Entón había despois o relevo e outra tanda de mariñeiros levalo hasta a fábrica.

P: E o subían ó lombo.

R: Ó lombo todo. Agora a última hora xa había camións cargábase en camións.

P: ¿E que se cargaban desde o Berbés en camións xa?

R: Si, Camións que levaban 40 queixóns directamente pa' fábrica, solamente tiñas 4 ou 6 mariñeiros para descargar o queixón do camión á fábrica.

P: E despois cando viñan para Moaña en ruta ¿seguían descansando os mariñeiros?

R: Cando viña para Moaña sempre deixaban unha parte, unha zona da...de pescado pa repartir entre os mariñeiros ¿non? e claro, pois había discusións entre eles, entre os mariñeiros porque ou “botáchesme poucas ou botáchesmes moitas” tiñan unha zona para un balde, para encher o balde sempre, pero a parte do que lles repartía o refrán que ten “parte e reparte pa ti a mellor parte”.

P: O que parte e reparte sempre leva a mellor parte, si é un refrán.

R: Pero si a min me daban media patela porque fun dos primeiros. Porque o individuo que partía o peixe non quería quedar a último sen peixe, porque lle faltaban tres ou catro montes e non tiña pescado, entón tiña que ir polas patelas, polos quiñóns dos outros, roubándolle catro alí catro alí para facer un dos que faltaban, era mellor que lle sobrara.

P: Claro, E iso vindo en ruta, cando se viña para Moaña.

R: Si, cando se viña para Moaña. Porque sempre se partía o peixe cando se viña.

P: E o que repartía era o responsable dos mariñeiros sempre o mesmo que iba á lonxa a vender.

R: Era por tandas, xa estaba marcado, cando se iba para o mar de novo, xa facían eles o cupo de reparto, ti palí, ti palí, se había que facer de dous, de dous se había que facer de un, de un e se había que facer de catro, e ti para a *jareta*.

P: Xa repartían o seu traballo. Todolos días íbase rotando.

R: Rotando nada máis que era as guardias. Iba o patrón arriba e mais iban dous homes de guardia, mirando ó mar, se encontraban peixe, entón turnaban dous homes de guardia. E a

veces traballando, pescabas e todo o mundo estaba arriba, había un (?). Acabaches de pescar... a xente vai a descansar e queda o patrón arriba, se o patrón non colle... o patrón de costa, porque ese barcos teñen o patrón de costa que é dueño do barco mentras el sea patrón. Ti podes ser patrón pero non eres o dueño do barco.

P: Si, e os patróns de costa teñen que ser os amos do barco.

R: Son os amos do barco, están enrolados e son os representantes.

P: E o que iba no puente quen era o rodeiro.

R: Si o rodeiro.

P: Que o nombraba o patrón

R: O nombraba o patrón. Ten que ser un individuo que sepa de compás e a manioobra de babor estribor e todo.

P: Si para dirixir a lancha ou o barco mentras se faenaba ¿non?

R: É quen é. Sale o barco po mar e o patrón, o que é patrón de pesca, non é quen manda no barco, pode chegar ó medio da ría e decirlle ó patrón, que é o patrón “ahora mismo para terra”, as consecuencias son del, porque alí ó momento manda el no barco, porque está enrolado como patrón e como capitán, é como o capitán abordo do barco, sea con razón ou sea sin razón as consecuencias pa´ mirar (?) despois.

P: Si, si. E unha vez xa que veñen para terra hai que lavar o aparello no caso de que fixeran muito.

R: Se estaba sucio, sempre se bota pescado sucio, hai que arranchar o barco, limpialo para despois salir e si é necesario...

P: Estábamos falando de lavar o aparello.

R: Lavar o aparello é unha cousa que é moi necesaria porque sempre veñen escamas ven peixe morto, se acaso non pescas e mollas o aparello, entón tes que facelo o outro día a mañán.

P: As veces xuntábanse dous, barcos ben pudiera ser nos mortos e outras veces no muelle non. Que se metía un barco que estivera libre.

R: Iso si viñas de botar o peixe, e topabas un barco aí que estaba amarrado ó morto, entón como estaba libre, pois collía o teu barco, mañán era o meu, ocupáballe, non ensuciaba nada e se algo ensuciaba limpiábase outra vez e xa quedaba... O sea que é como unha obrigación entre os armadores, o malo que había, era moi latosa, era o de tender as redes e o encascar as redes. Ese era un traballo pesadísimo, porque viñas pescando catro ou cinco días seguidos, e non che daba tempo a tender as redes, pero era necesario, porque senón pudríanse e acababas de vir da fábrica de botar o peixe e estar toda a noite tal, e ter que ir tender o aparello, porque hai tres días, si chove e o aparello está sin tender e vaise marchar, desde que veu este de nylon...

P: De nylon si.

R: Foi un alivio mui grande. Porque non se se encascaba nin se lavábase...

P: Nada, ese era unha maravilla.

R: Lavábase cando non tomabas nada, dábaslle unha pasadura. Ese foi o alivio máis grande que tuvemos.

P: ¿Era mui duro e todo?

R: E que non se curaba. Non había *tinte* (?)

P: Porque o aparello unha vez que se lavaba, A veces subíase ó muelle e nese muelle deixábase escurrir hasta o día seguinte.

R: Ecurríase no momento o nylon escurre no momento.

P: ¿Pero os que non eran de nylon? E os que non era de nylon os outros deixábanse enriba do muelle

R: Pousaba en por el. Quedaba... deixaba cousas



P: E ao día seguinte, ¿Metíase outra vez abordo?

R: Si claro. Ao contrario si secabas.. (?). Ao contrario si secabas, entón perjudicábase.

P: Sudaba máis (?). ¿Por iso se tapaban con lonas? Pa que non lle dera o sol directo..

R:.. E despois tiñas, o antigo antes, cando eran os barcos de remos. Viñas do mar, íbas á fábrica, Botabas o peixe. Mentres escochabas o peixe, por aquí polo arenal, entón era un arenal, tendías o aparello. Un aparello que entre catro homes collías, con catro homes tendía un aparello... era un mandil.

P: Comparado cos outros

R:...Pois así todo tempo. Mentras escochabas o peixe entre os rapaces que o facía, o aparello estaba seco

P: ¿E aquí no muelle cando se levaba para secar, que o levaban en carros de bois? Que tiñan os caseiros de O Real¹ ¿non?.

R: Exactamente

P: Dos carros grandes que o levaban para alá. E mentras tanto, había unha serie de rapaces abordo.

R: Había un rapaces que viñeron para... como tripulantes, pa limpiar.

¹ Marquesado de Méndez Núñez